

## O SEMINARIO

O modelo económico dominante non ten solucionado os graves problemas aos que nos afrontamos, senón que máis ben os ten agravado. Trátase dun modelo económico baseado na maximización do beneficio, a acumulación de capital, o egoísmo e a avaricia e que ten provocado grandes desequilibrios, tanto a nivel social, incrementando as desigualdades, como a nivel ambiental, xerando a sobreexplotación dos recursos naturais e poñendo en grave perigo a sustentabilidade do planeta.

Diante das limitacións deste modelo, xurden modelos alternativos como a Economía Social, a Economía Solidaria, a Economía do Ben Común, a Economía Colaborativa, etc.. Estos modelos teñen factores comúns como a primacía da persoa e a sustentabilidade, pero amosan distintas características que convén coñecer e avaliar.

Poden ser estas novas economías unha alternativa real ao modelo dominante? Cal é a realidade empresarial destes modelos? Que papel poden xogar no emprego e nas condicións laborais das persoas? Qué entidades forman parte? Cales son os seus principios reguladores? Existen casos exitosos que podan servir de exemplo?

Na Xornada: **“Oportunidades de emprego a través da Economía Social e as Novas Economías”** tratarase de reflexionar en común arredor destas cuestións e coñecer casos reais que contribúan a difundir boas prácticas.

## OBXECTIVOS

- Dar a coñecer a realidade empresarial e as oportunidades de emprego que representan a Economía Social e as chamadas Novas Economías: Economía do Ben Común, Solidaria, Colaborativa...
- Divulgar as súas características direrenciadoras, principios reguladores e entidades que forman parte.
- Coñecer exemplos e casos de éxito vencellados á Economía Social e Novas Economías.

## Organiza:



**ugacota**  
unión de cooperativas  
de traballo asociado

## Colabora:



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



**CENTRO  
CIVICO  
OS MALLOS**

**16 | DEC | 16**

**INSCRICIÓN:**  
<http://seminario.ugacota.coop/>

**SEMINARIO  
OPORTUNIDADES  
DE EMPREGO  
A TRAVÉS DA  
ECONOMÍA  
SOCIAL  
EDAS  
NOVAS  
ECONOMÍAS**

# PROGRAMA

OPORTUNIDADES DE EMPREGO A TRAVÉS DA ECONOMÍA SOCIAL E DAS NOVAS ECONOMÍAS

09:30-10:00 **Recepción de Asistentes**

10:00-10:15 **Inauguración**

*Representante do Concello da Coruña  
Presidente de UGACOTA*

10:15-14:00 **Mesa de Persoas Expertas**

Obxectivo: definir e contextualizar o concepto económico que representan e plantexar as oportunidades para o emprego e o emprendemento que ofrece.

*Dinamiza Elvira Álvarez Gayo (Xornalista)*

10:30-11:00 **Economía Social e oportunidades de emprego**

*Con Carmen Comos Tovar. Directora da Confederación Empresarial Española da Economía Social.*

11:00-11:30 **Economía do Ben Común e oportunidades de emprego**

*Con Carlos Trías Pintó. Membro do Comité Económico e Social europeo (CESE). Relator do Dictame: "A Economía do Ben Común: un modelo económico sostible orientado á cohesión social".*

11:30-12:00 **Pausa-Café**

12:00-12:30 **Economía Colaborativa e oportunidades de emprego**

*Con Albert Cañigüeral Bagó. Fundador de consumo colaborativo.com e autor de "Vivir mejor con menos. Descubre las ventajas de la nueva economía colaborativa". Conector de Oui-Share.*

12:30-13:00 **Economía Solidaria e oportunidades de emprego**

*Asier Epelde Piñeiro. Representante da Rede economía alternativa e solidaria REAS-Galicia.*

13:00-14:00 **Coloquio**

## PECHE DA SESIÓN DA MAÑÁ

16:00-19:00 **Mesa de Experiencias**

Obxectivo: coñecer experiencias de economía social e colaborativa e a súa contribución ao emprego e ao desenvolvemento sostible

*Dinamiza UGACOTA*

16:00-19:00 **Panel de experiencias na economía Social e colaborativa**

Grupo cooperativo Mondragón. Universidade de Mondragón

*Con Leire Uriarte Zabala. Profesora da Facultade de Humanidades e Ciencias da Educación e investigadora do Instituto de Estudos Cooperativos LANKI de Mondragon Unibersitatea.*

Cooperativa de finanzas éticas Coop57, S. Coop. Cat.  
*Con Raimon Gassiot Ballbè. Coordinador adxunto de Coop57, S.Coop.*

Nosa enerxía, S. Coop. Galega, de consumo enerxético.

*Con Pablo Álvarez Fernández. Presidente de Nosa enerxía, S.Coop. Galega*

Zocaminhoca, S. Coop. Galega, de consumidores e usuarios.

*Con Marcial Blanco: Socio fundador e de traballo.*

Monte Veciñal de Santiago de Covelo

*Con Álex Cendón. Presidente*

18:00-19:00 **Coloquio**

19:00-19:30 **Clausura da xornada**

*Representante de UGACOTA*